

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06 DE FEBREIRO DE 2023

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00005435N.

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 26 de xaneiro de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 27 de xaneiro de 2023.
- Ordinaria de data 30 de xaneiro de 2023.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00044205F.

#### **Licenza para a demolición de edificacións na parcela situada en Rúa dos Irmandiños nº 5.**

Acórdase conceder a CONSTRUCCIONES JUPITA SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto con selo de visado de data 01/06/2022, cun orzamento de execución material de 15.350,00 euros, a demolición de edificacións na parcela situada en Rúa dos Irmandiños nº 5 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034610A.

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para parcelación no Lg do Valado do Eixo, nº 3.**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 13/01/2023 outorgada ante Notario co número de protocolo 47. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto presentado o 01/07/2022, a parcelación no Lg do Valado do Eixo, nº 3, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

**PARCELA RESULTADO 1.** Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 626,86m<sup>2</sup>s.

**PARCELA RESULTADO 2.** Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 674,81m<sup>2</sup>s

**CESIÓN 59,12m<sup>2</sup>s**

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00054376N.

#### **Licenza para a demolición na Rúa Santa Marta, 29.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto de data de visado do 05/09/2022, cun orzamento de execución material de 11.568,44 euros, a demolición na Rúa Santa Marta , 29 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00054657V.**

**Licenza para a instalación de dous ascensores para eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso ao garaxe do edificio situado na Rúa Bruselas 5.**

Acórdase conceder á COM. PROP. BLOQUE R.5.2 POLÍGONO FONTIÑAS SANTIAGO licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 27/10/2022, a instalación de 2 ascensores para eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso ao garaxe do edificio situado na Rúa Bruselas 5, Santiago de Compostela A Coruña.

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00045267S.**

**Restauración, mellora da envolvente e distribución de espazos no edificio sito na Praza de Mazarelos nº 15.**

Acórdase conceder á Secretaría Xeral de Emigración \_ Presidencia \_ Xunta de Galicia D licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto presentado o 20/09/2021, cun orzamento de execución material de **1.247.929,29 €**, a Restauración, Mellora da Envolvente e Distribución de Espazos no edificio sito na Praza de Mazarelos nº 15, Santiago de Compostela ( A Coruña).

**7. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002366D.**

**Aprobación da actualización do proxecto básico e de execución “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras” segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.**

Acórdase:

**Primeiro.** Aprobar o proxecto básico e de execución actualizado denominado “*Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras*”, de outubro de 2022, asinado dixitalmente con data 26/01/2023, e que ten as seguintes características:

☑ Orzamento: 293.966,92 € + 61.733,05 € de IVE = **355.699,97 €**.

☑ Prazo de execución: 4 meses.

☑ Clasificación do contratista: non esixible.

**Segundo.** Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2018.

**8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/88/2022.**

**Aprobación do proxecto de reurbanización da praza de León.**

Apróbase o proxecto de reurbanización da praza de León coas seguintes condicións:

**ORZAMENTO**

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 140.273,35 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 166.925,29 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **201.979,60 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

**PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución previsto é de 4 meses.

**CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

De acordo co establecido na Lei 9/2017 da “Lei de Contratos do Sector Público” e no RD 1098/2001 “Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas”, non é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €, podendo acreditar a solvencia técnica mediante o cumprimento dos requisitos que se establezan no procedemento de licitación.

As obras de reurbanización da Praza de León, forman parte da EDUSI de Santiago de Compostela, cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea (Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020).

**9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/7/2021 - CON/25/2021.**

**Dar conta do informe de diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de carácter tradicional.**

Tómase en consideración o informe de “Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de carácter tradicional de Santiago de Compostela” elaborado pola empresa Ingeniería, Medio Ambiente e Prevención do Noroeste SL, que consta dos seguintes documentos:

- Fase I: Catalogación dos muros e diagnoses do seu estado
- Fase II: Planificación e predeseño das actuacións clasificadas como urxentes
- Fase III: Plan de inspección, conservación e mantemento

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00054767N.**

**Aprobación do expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na d.a. 4ª da Lei 9/2.017 de contratos do sector público” e apertura do procedemento aberto simplificado de adxudicación.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na d.a. 4ª da Lei 9/2.017 de contratos do sector público” e abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **50.000,00 €**, (base impoñible de 41.322,31 € máis IVE do 21% polo importe de 8.677,69 €) e o seu valor estimado é de 82.644,62 €.

Segundo. Aprobar e comprometer o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279900, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2023: 50.000,00 €

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00005193T.**

**Autorización da cesión da praza de garaxe número 43 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.**

Autorízase a cesión da praza de garaxe número 43 do Aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela, adquirida por J. A. P. a favor de B. A. P., sinalándolle que de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe esta concesión, "o prezo da transmisión non poderá superar o orixinario de cesión, incrementado na cantidade correspondente ás variacións do IPC".

Unha vez formalizada esta cesión notarialmente, deberá presentar a correspondente escritura ó obxecto da súa ratificación.

**12. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00005435N.**

**Ratificación da comunicación da Alcaldía de resolver o contrato de aluguer dun local situado no número 52 da Rúa da República Checa.**

Acórdase tomar coñecemento e ratificar a comunicación da Alcaldía do 31 de xaneiro de 2023, relativa a non continuar co aluguer do inmovible situado no número 52 da Rúa República Checa (parque empresarial de Costa Vella).

**13. DEPORTES. Referencia: 2022/00042221R.**

**Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Clube Ximnasia Rítmica Viravolta para o ano 2022.**

Apróbase a xustificación presentada polo CLUBE XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2022, por valor de 4.000 € que xa foron abonados con carácter anticipado, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890012.

**14. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00002754E.**

**Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2023.

Segundo. Aprobar o gasto e a retención de crédito polo importe destinado a esta convocatoria de 30.000 euros (TRINTA MIL EUROS) que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 23102 4890100/2023.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

**15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00005435N.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2023.

**URXENCIAS**

**16. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia : 2022/00041641L**

**Aprobación inicial de cambio de sistema e dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da AEI-A do PERI-2. Conxo de Arriba.**

Acórdase:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do sistema de actuación fixado polo Plan especial de reforma interior PERI-2 (Conxo de Arriba) para o desenvolvemento da AREA DE EXECUCIÓN INTEGRAL AEI-A, substituíndo o sistema de cooperación polo de COMPENSACIÓN.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 285.3 do RLSG, o expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio que para o efecto se publicará no Boletín Oficial da Provincia. Simultaneamente practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente os proxectos de ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA AEI-A DO PERI-2, presentados con data 8 de setembro de 2023 por ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS S.A., coa seguinte condición:

- A aprobación definitiva dos Estatutos e bases de actuación quedará condicionada á previa aprobación definitiva do sistema de compensación.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 302 do RLSG, os Proxectos de estatutos e bases someteranse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que a tal fin se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión.

**17. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00037420F**

**Rexeitamento do recurso de reposición formulado por don D. C. B. contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o día 19 de setembro de 2022, sobre indemnización de bens afectados na parcela 349 bis do Proxecto de compensación do SUNP-25 (Roxos).**

Acórdase:

- Rexeitar o recurso de reposición formulado por don D. C. B. Contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o día 19 de setembro de 2022, sobre indemnización de bens afectados na parcela 349 bis do Proxecto de compensación do SUNP-25 (Roxos).

O acordo notificarase persoalmente ao interesado, advertíndolle de que se atopa legalmente obrigado a permitir a ocupación pola Xunta de Compensación do terreo delimitado no plano anexo

como fase 1, en cumprimento do que dispoñen os artigos 107.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 312.3 do seu Regulamento.

#### **18. CONTRATACIÓN. Referencia 2021/00033369P**

**Autorización do o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase)”.**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

#### **19. XESTIÓN, VIVENDA E ÁREAS REHABILITACIÓN INTEGRAL. Referencia: 2022/00045350W**

**Corrección de erros no acordo de 21 de novembro de 2022 referente a aprobación inicial da subvención solicitada polas persoas que conforman a C.PP. Vila de Noia 5.**

Advertido erro na redacción do acordo de referencia, correspondente ao número dun DNI, procédese á súa rectificación.

#### **20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00005265A**

**Dar conta da sentenza número 190/2022 recaída no Procedemento Ordinario 369/2018 CA2.**

Dase conta da Sentenza nº 190/2022. PO 369/2018 CA2

Demandante: EXTRACO CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS S.A.

Obxecto: denegación de xuros de mora por retraso no pago de certificacións, revisión de prezos e xuros, e xuros polo retraso no pago da liquidación de contrato de obra, segundo Acordo da XGL do 20.07.2018. Contía: 243.546,26 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación. Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 01.02.2023, declárase a súa firmeza. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir aos Servizos de Contratación e de Obras para o seu coñecemento.

#### **21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00004968M**

**Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 14/2020 CA1**

Dase conta da Sentenza nº 439/2022. PO 014/2020 CA1

Demandante: SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SLU

Obxecto: denegación da excepción de tránsito para paso de camións de máis de 5 TM.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Anteriormente, os órganos xudiciais viñan de confirmar a necesidade de que as empresas que desenvolven a recuperación da canteira de Miramontes dispuxesen da autorización de tráfico, ao non poder “beneficiarse” da concedida no seu día en favor de ÁRIDOS CNC.

Desta volta, a demandante impugnaba a denegación da excepción que tiña solicitado a UTE EYREGA. De feito, a primeira cuestión que resolve o xulgado é a suposta falta de lexitimación activa de SERTEGO: por non ser esta quen solicitou a autorización; e por non dispoñer de licenza municipal para a actividade que precisa o tránsito. O xulgado amósase partidario das teses municipais; pero dado o carácter restritivo da excepción, finalmente acepta a lexitimación, para analizar o fondo da cuestión.

Alegaba a demandante, en primeiro lugar, a indefensión xerada ao non darlle audiencia no expediente administrativo. O xulgado desestima: primeiro, porque unha cousa é darlle lexitimación (porque ten interese no asunto); e outra que, non sendo parte no procedemento, o Concello viñese na obriga de notificarlle algo; e segundo, porque ese interese era representado pola UTE da que forma parte.

Segundo, alegaba a demandante que a negativa do Concello respondía a esixencias non previstas, sen darlle tempo para atendelas. Denegada tamén: a Ordenanza establece unha prohibición xeral, e prevé unha excepción discrecional. Para denegar a solicitude, o Concello recolleu todos os informes necesarios, incluído o da Garda Civil (desfavorable). Polo que dita denegación estaba suficientemente motivada. E con respecto á posibilidade de emenda, ao non ser parte no expediente, a demandante nada tiña que emendar.

Terceiro, tampouco existe vulneración de actos propios: a prohibición xurde directamente da Ordenanza, e o Concello nunca autorizou expresamente o paso dos camións de SERTEGO. De feito, non tería sentido dita autorización se a empresa carece de licenza municipal para desenvolver a actividade que precisa dito tránsito.

Por último, o xulgado desestima o argumento da desviación de poder (o exercicio da competencia municipal en interese dunha asociación de veciños): a esixencia de excepción deriva da propia Ordenanza, e a súa denegación está xustificada por razón de seguridade viaria.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 30 de xaneiro, declárase a súa firmeza.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.